

## BIOLOXÍA

**Pregunta Obrigatoria. Todos os alumnos deben responder a esta pregunta áinda que non é eliminatoria.**

**Valoración: 2,5 puntos.**

Na seguinte reacción enzimática:



- a) Indica o significado de E, S, ES e P b) ¿Como inflúe a concentración de substrato na velocidade das reaccións enzimáticas? Fai unha representación gráfica sinalando as constantes cinéticas c) ¿De que xeito afecta a temperatura e o pH á actividade enzimática? d) ¿Que é un enzima alostérico? e) Explica o papel dos cofactores e os coenzimas nas reaccións enzimáticas.

**Bloque I. Das 5 cuestións responde só a 3. Valoración: 4,5 puntos (1,5 puntos por cuestión).**

**I.1** a) Funcións biolóxicas dos triacilglicéridos b) ¿Que compostos se obteñen da súa hidrólise? c) Representa a estrutura dun lípido bipolar e explica como se comportaría nunha disolución acuosa

**I.2** a) Describe a estrutura e a función dun ribosoma eucariótica b) ¿En que lugares se atopan os ribosomas? c) ¿Que é un polisoma?

**I.3** a) ¿En que consiste o proceso de endocitose? b) Explica os diferentes tipos de endocitose que existen c) Fai un debuxo de cada un deles

**I.4** a) Fai un esquema sobre o fluxo da información xenética b) Di en qué consiste cada un dos procesos biolóxicos implicados neste fluxo c) Explica que é o código xenético e cales son as súas características

**I.5** a) ¿Que son as vacinas? b) ¿E os soros? c) ¿Como actúan cada un deles?

**Bloque II. Dos dous grupos de termos elixe un e agrupa de tres en tres, mediante unha frase, os termos relacionados. Valoración 1,5 puntos (0,3 puntos por frase correcta)**

**II.1** alerxia, metabolismo, proteína, fecundación, calcio, Calvin, vitamina D, gametos, hipersensibilidade, hemoglobina, cloroplasto, cigoto, globular, antíxeno, estroma

**II.2** intróns, hidrolíticas, hemo, cromosoma X, bacterias, lisosomas, ARNm, hemoglobina, virus, maduración, enzimas, daltonismo, prostético, bacteriófagos, hereditaria

**Bloque III. Das 20 preguntas de Verdadeiro/Falso hai que responder só a 15. As respuestas erróneas puntuán negativamente. Valoración: 1,5 puntos. Non escribir as respuestas nesta folla.**

1. As fermentacións son procesos aeróbicos.
2. Nunha célula somática humana hai 23 moléculas de ADN.
3. Un sistema tampón está formado por unha base e un ácido.
4. As hormonas esteroideas son lípidos saponificables.
5. A membrana plasmática das células vexetais contén celulosa.
6. Os ácidos graxos insaturados poden presentar configuración cis ou trans.
7. Os carotenoides son pigmentos fotosintéticos.
8. Na fotorrespiración, o enzima Rubisco degrada a ribulosa bifosfato sen xerar ATP.
9. A ADN polimerasa é o encima encargado da transcripción do ADN
10. Os centriolos atópanse no centrosoma das células vexetais.
11. A heterocromatina é a cromatina xeneticamente inactiva.
12. Durante a telofase, os cromosomas descondénsanse completamente.
13. A estrutura terciaria dunha proteína determina a súa actividade funcional.
14. A reacción en cadea da polimerasa permite multiplicar as copias dunha determinada secuencia de ADN.
15. As mutacións somáticas no se transmiten á descendencia.
16. A transcriptasa inversa sintetiza ARN a partir do ADN.
17. Un bacteriófago é un virus que infecta bacterias.
18. Pode haber producción primaria en ambientes carentes de luz.
19. O complemento pódese activar por dúas vías: a clásica e a alternativa.
20. Os antíxenos únense aos anticorpos polas súas rexións constantes.

## BIOLOXÍA

**Pregunta Obrigatoria.** Todos os alumnos deben responder a esta pregunta áinda que non é eliminatoria.  
**Valoración:** 2,5 puntos.

- a) Describe a estrutura da envoltura nuclear b) ¿Cal é a composición química e a función do nucleoplasma?  
c) ¿Onde se atopan o nucléolo e cal é a súa función? d) ¿Que é a cromatina? ¿E un cromosoma? e) Indica cinco diferencias entre o ADN e o ARN

---

**Bloque I. Das 5 cuestións responde só a 3. Valoración: 4,5 puntos (1,5 puntos por cuestión).**

**I.1** a) ¿De que xeito se poden atopar os sales minerais nos seres vivos? b) ¿Cales son as funcións biolóxicas dos sales minerais nos organismos?

**I.2** a) ¿Que é o colesterol e cal é a súa función biolóxica? b) ¿Como se transporta o colesterol polo sangue?  
c) Relación entre colesterol e arteriosclerose

**I.3** Define: gliconeoxénese, glicólise, autótrofo, heterótrofo, fermentación

**I.4** a) ¿Como se denomina ao modelo que explica a regulación da transcripción en procariotas? b) ¿Que elementos podemos diferenciar nel? c) Explica como funciona o devandito sistema utilizando un exemplo

**I.5** a) Tipos de mecanismos de defensa inespecíficos b) ¿Como funcionan? c) Enumera as funcións dos macrófagos

---

**Bloque II. Dos dous grupos de termos elixe un e agrupa de tres en tres, mediante unha frase, os termos relacionados. Valoración 1,5 puntos (0,3 puntos por frase correcta)**

**II.1** catabolismo, uracilo, meiose, membrana, electróns, osmose, redución, citocromos, ARN, anabolismo, cromosómica, semipermeable, Krebs, ribosa, cadea respiratoria

**II.2** timo, antibióticos, van der Waals, fotosíntese, Na/K, débil, infeccións, linfocitos T, luz, enlaces, bomba, bacteriana, fase escura, transporte activo, maduración

---

**Bloque III. Das 20 preguntas de Verdadeiro/Falso hai que responder só a 15. As respuestas erróneas puntúan negativamente. Valoración: 1,5 puntos. Non escribir as respuestas nesta folla.**

1. Un éster fórmase ao reaccionar un ácido orgánico e un alcohol
2. O enlace peptídico é un enlace covalente
3. A fosforilación oxidativa é a degradación do ATP
4. Nunha célula somática humana hai 46 moléculas de ADN
5. Os nucleótidos están constituídos por unha base nitroxenada, unha pentosa e un ácido fosfórico
6. A lámina media da parede celular vexetal está constituída por polisacáridos
7. Un dictiosoma é un grupo de sacos do aparato de Golgi
8. O cinetocoro forma parte da heterocromatina
9. Herdanza intermedia é sinónimo de codominancia
10. O locus é o lugar que ocupa o xene no xenoma
11. A ribulosa é unha hexosa que intervén na fixación do CO<sub>2</sub>
12. As mutacións espontáneas do ADN prodúcense pola acción de mutáxenos
13. Os antibióticos son eficaces na loita contra os virus
14. O nucleosoma está formado soamente por ADN
15. Os órganos linfoideos primarios son a medula ósea e o timo
16. As células plasmáticas producen anticorpos
17. O VIH infecta os linfocitos B
18. Os fermentos son organismos procariotas que se utilizan con fins industriais
19. As formas alternas dun xene chámanse isómeras
20. Os fillos varóns dunha portadora de hemofilia, son todos hemofílicos


# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

**Pregunta obligatoria: Valoración 2,5 puntos**

a) E é o encima; S, o substrato; ES é o complexo enzima substrato; e P, o produto ou produtos da reacción (**0,4p**).

b) Inflúe de maneira que, cando aumenta a concentración do substrato manténdose constante a concentración do enzima, prodúcese un incremento proporcional da velocidade de reacción ata alcanzar un punto no que o enzima se satura e xa non aumenta a velocidade aínda que se aumente a concentración de substrato. Neste momento alcánzase a velocidade máxima da reacción enzimática (**0,4x 2 = 0,8p**).



c) Ao seren os enzimas proteínas, vese afectada a súa conformación nativa por cambios bruscos de pH e de temperatura. Existe un pH óptimo, para cada enzima, ao que se produce a máxima actividade catalítica. Cambios de pH afectan á distribución de cargas eléctricas da molécula e ás interaccións electrostáticas que fixan a estrutura nativa. Polo tanto, altérase a conformación espacial do enzima que afectan á súa actividade. En xeral, o aumento de temperatura incrementa a velocidade da reacción. A valores moi altos, a proteína desnaturalízase e perde a súa actividade (**0,5p**).

d) Enzima alóstérico é o que ten un ou máis centros reguladores distintos do centro activo, que é o lugar por onde se une ao substrato. (**0,4p**).


e) Os cofactores son substancias que se combinan co enzima potenciando a súa acción catalítica. Algunos son de natureza orgánica e denomináñanse coenzimas. Para algunos enzimas, a presenza de cofactores ou coenzimas é imprescindible para seren activos porque actúan como portadores transitorios de grupos químicos (**0,4p**).

**BLOQUE I: Valoración 4,5 puntos (1,5 p por cuestión). Se responden máis de tres cuestións non se corrixirá a última en responderse.**

I.1 a) Función de reserva enerxética como combustible biolóxico de alta eficacia, función de illamento térmico nos animais como graxa acumulada baixo a pel e unha función protectora fronte a traumatismos recubrindo algúns órganos. (**0,2 x 3 = 0,6p**).

b) Da súa hidrólise obtense unha molécula de glicerina e tres moléculas de ácidos graxos (**0,3p**).

c) Representar a estrutura dun lípido bipolar (válida calquera representación correcta).



En disolución acuosa oríntanse coas cabezas polares cara á auga e coas colas hidrocarbonadas, non polares, que son hidrófugas, fuxindo do ámbito acuoso. Como consecuencia deste comportamento pódense formar en disolución acuosa tres tipos de estruturas: micelas lipídicas, monocapas ou bicapas (**0,6p**).

I.2 a) Os ribosomas son asociacións supramoleculares de proteínas e ácido ribonucleico formado por dúas subunidades de diferente tamaño. A súa función é intervir na síntese de proteínas traducindo a cadea de ARNm nunha cadea peptídica. (**0,3x2=0,6 p**).


b) Os ribosomas atópanse libres no citoplasma, asociados á cara externa da membrana do retículo endoplasmático formando o RER e na matriz das mitocondrias e no estroma dos cloroplastos (**0,4p**).

c) Un polisoma ou polirribosoma é unha asociación de varios ribosomas unidos a unha cadea de ARNm no momento da súa tradución (**0,5p**).

I.3 a) Proceso polo cal se introducen moléculas grandes ou partículas sólidas no interior da célula por medio da invaxinación da membrana plasmática que logo se estrangula formando unha vesícula (**0,5p**).

b) Os tipos de endocitose son a fagocitose, que é a inclusión de grandes partículas mediante a emisión de pseudópodos e posterior formación de fagosomes; a pinocitose, que é a incorporación de líquidos e solutos mediante a formación de pequenas vesículas; e a endocitose, mediada por receptor que a diferencia da pinocitose. que é un proceso altamente específico posto en marcha pola unión dun ligando a un receptor de membrana (**0,6p**). c) Debuxo (**0,4 p**).

I.4 a)



(**0,2p**).

b) Replicación do ADN: proceso que consiste na formación de dúas cadeas de desoxirribonucleótidos, complementarias a cada unha das cadeas da dobre hélice dunha molécula, mediante a intervención das ADN polimerasas. (**0,25p**). Transcripción: é o proceso de síntese dunha molécula de ARN a partir dun fragmento dunha das cadeas do ADN. Os enzimas que interveñen son os ARN polimerasas (**0,25p**). A tradución é a síntese dunha cadea peptídica a partir dunha cadea de ARNm que é lida polos ribosomas

# Criterios de Avaliación / Corrección

(0,25p). Reversotranscripción: proceso de síntese dunha cadea de ADN (monocatenaria) a partir dunha de ARN coa intervención dunha reversotranscriptasa (0,25p).

c) O código xenético é un sistema de relación entre a secuencia de bases dun ARNm (que provén do ADN) e a secuencia de aminoácidos da cadea peptídica resultante. É un conxunto de tripletes de bases do ARNm (codóns) aos que se lles asigna un aminoácido na súa lectura, xa que cada triplete codifica un aminoácido. O código xenético é universal e dise que é dexenerado porque máis dun triplete de bases codifica un mesmo aminoácido (0,3p).

I.5 a) As vacinas son uns preparados antixénicos que estimulan o sistema inmune producindo unha inmunidade activa e específica (0,5p).

b) Os soros son derivados do sangue de animais aos que se lles inocula un antíxeno para inducir a formación de anticorpos específicos. Os soros obtidos producen inmunidade pasiva e específica (0,5p).

c) As vacinas producen unha activación de linfocitos T e B. Algúns dos linfocitos B quedan como células de memoria e producen unha resposta inmune más rápida fronte ao antíxeno. No caso dos soros, os anticorpos introducidos no organismo actúan directamente sobre o antíxeno (0,25 x 2 = 0,5p).

**BLOQUE II: Valoración 1,5 puntos (0,3 p x 5 frases).** Cualificarase un grupo de termos de cinco frases pertencentes a un só bloque.

II.1. A alerxia é unha reacción de hipersensibilidade a un antíxeno

A vitamina D intervén no metabolismo do calcio  
A hemoglobina é unha proteína globular  
O ciclo de Calvin realiza no estroma do cloroplasto

O cigoto fórmase pola fusión de dous gametos no proceso de fecundación

II.2. Os lisosomas conteñen encimas hidrolíticos

Na maduración do ARNm elimináñanse os intróns


O daltonismo é unha alteración hereditaria ligada ao cromosoma X

O grupo hemo é o grupo prostético da hemoglobina

Os bacteriófagos son virus que infectan bacterias

**BLOQUE III. Valoración 1,5 puntos (0,1 x 15).** Teñen que responder a un máximo de quince preguntas. En caso de contestar máis, corrixiranse só as quince primeiras.

1-F, 2-F, 3-V, 4-F, 5-F, 6-V, 7-V, 8-V, 9-F, 10-F, 11-V, 12-V, 13-V, 14-V, 15-V, 16-F, 17-V, 18-V, 19-V, 20-F



Esquema da pregunta 3 do bloque I

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

### Pregunta obligatoria: Valoración 2,5 puntos

a) A envoltura nuclear está constituída pola membrana externa, o espazo intermembrana ou espazo perinuclear e a membrana interna. A membrana externa continúase co RE rugoso e presenta na súa cara exterior gran cantidad de ribosomas pegados. A membrana interna presenta unha serie de proteínas que serven de ancoraxe para a lámina nuclear. Esta está perforada por un gran número de poros, denominados poros nucleares, que están constituídos por múltiples proteínas que forman o complexo do poro nuclear (0,5p).

b) O nucleoplasma é o medio interno do núcleo. Está composto por proteínas, nucleótidos, auga e ións (0,25p). É o medio no que se realiza a síntese dos ácidos ribonucleicos e a replicación do ADN (0,25p).

c) O nucléolo é un corpúsculo esférico que se aprecia no núcleo interfásico, formado pola aglomeración de ADN, ARN e proteínas (0,25p). A súas funcións son a síntese do ARN ribosómico e dos precursores ribosomais (0,25p).

d) A cromatina é un complexo de ADN e proteínas (histonas e non histonas) que se atopa no núcleo das células eucariotas (0,25p). Un cromosoma é unha estrutura composta por unha molécula de DNA asociada a proteínas. Os cromosomas son especialmente evidentes en células en división, en particular na metafase. O grao de aglomeración da cromatina que ocorre nesta fase determina que os cromosomas sexan visibles ao microscopio óptico. Por esta razón, é costume referirse ao cromosoma metafásico ao falar da morfoloxía dos cromosomas. (0,25p).

# Criterios de Avaliación / Corrección

## e) Diferenzas entre ADN e ARN (0,5p)

	ARN	ADN
Pentosa	Ribosa	Desoxirribosa
Bases nitrogenadas	A,G,U,C	A,G,T,C
Tipo de molécula	Monocatenaria (ainda que existen moléculas de ARN con rexións bicatenarias)	Bicatenaria
Localización na célula	Núcleo e citoplasma	Núcleo
Función	Trasporte da información xenética dende o ADN aos ribosomas (función encimática, estrutural...)	Almacenamento da información xenética

**BLOQUE I: Valoración 4,5 puntos (1,5 p por cuestión).** Se responden más de tres cuestiones non se corrixirá a última en responderse.

**I.1 a)** As sustancias minerais pódense atopar nos seres vivos de tres formas: precipitadas, disoltas ou asociadas a sustancias orgánicas (**0,2x3=0,6p**).

b) As funcións das sustancias minerais son formar estruturas esqueléticas, estabilizar dispersións coloidais, manter un grao de salinidade no medio interno, constituír solucións amortecedoras, accións específicas: ex. Fe para hemoglobina (é suficiente con mencionar tres funcións) (**0,9p**).

**I.2 a)** O colesterol é un esteroide que forma parte da membrana celular nos animais. Trátase dunha molécula determinante da estabilidade das membranas, debido a que diminúe a fluidez ou mobilidade das moléculas de fosfolípidos (función estrutural) e é precursora de numerosas moléculas bioactivas (ex. hormonas esteroideas) (**0,5p**).

**b)** Dado que o colesterol non é hidrosoluble, circula en plasma formando parte das lipoproteínas, entre as que se atopan as lipoproteínas de alta densidade (HDL) e baixa densidade (LDL) (**0,5p**).

**c)** Cando os niveis de colesterol aumentan, prodúcese un exceso de LDL circulantes que se acumulan na parede dos vasos, onde desencadean unha resposta inflamatoria (**0,5p**).

**I.3 Gliconeoxénese:** é o proceso de obtención de glicosa a partir de sustancias orgánicas non glicídicas (**0,3p**).

Glicólise: ruta catabólica na que a degradación dunha molécula de glicosa dá lugar a dúas moléculas de piruvato (**0,3p**).

Autótrofo: organismo capaz de sintetizar materia orgánica a partir de materia inorgánica (**0,3p**).

Heterótrofo: organismo que utiliza enerxía desprendida en reaccións de oxidación de substratos reducidos como fonte de enerxía e materia orgánica como fonte de carbono (**0,3p**).

Fermentación: proceso anaerobio no que se degradan compostos orgánicos para producir enerxía en forma de ATP (**0,3p**).

**I.4 a y b)** Xenes estruturais que codifican as proteínas estruturais e encimáticas. Xene regulador que codifica as proteínas reguladoras encargadas de controlar a

actividade dos xenes estruturais. Promotor (común aos xenes estruturais) e operador, rexión do promotor á que se une unha molécula reguladora que pode ter carácter activador ou represor. Este modelo denominase operón (**1,0p**).

**c)** Funcionamento (exemplo). No operón lac, hai un só regulador (denominado i) e tres xenes estruturais. Estes áchanse contiguos e transcríbense todos á vez. Cando non hai lactosa, o represor producido polo xene regulador i asóciase á zona operador e impide que a RNA-polimerasa transcriba os xenes estruturais (**0,5p**). (válido calquera outro exemplo).

**I.5 a)** Existen dous tipos de defensa inespecífica: defensas externas (piel, mucosas, secreciones) e defensas internas (células fagocíticas, respuesta inflamatoria e defensa inespecífica humorral) (**0,5p**).

**b)** A piel actúa como barreira mecánica (descamación) e química (pH). As secreciones dificultan a adherencia das bacterias e conteñen sustancias antimicrobianas. Se por calquera causa as barreiras externas son superadas, os xermes poden ser eliminados por fagocitose levada a cabo por macrófagos e neutrófilos. Para facilitar o proceso fagocítico prodúcese a denominada respuesta inflamatoria caracterizada por unha dilatación dos vasos sanguíneos locais e un aumento da permeabilidade vascular (**0,6p**).

**c)** Funcións dos macrófagos: fagocitose, presentación de antígenos, participación na hemostasia e na respuesta inflamatoria (**0,4p**).

**BLOQUE II: Valoración 1,5 puntos (0,3 p x 5 frases).** Cualificarse un grupo de termos de cinco frases pertenecientes a un só bloque.

### II.1.

A osmose é o paso de auga a través dunha membrana semipermeable

A ribosa e o uracilo son dous constituyentes do ARN. Durante a meiose prodúcese a reducción cromosómica

O ciclo de Krebs é unha ruta do catabolismo no que se xera enerxía que poderá ser utilizada no anabolismo. Os citocromos interveñen no transporte de electróns na cadea respiratoria

### II.2.

A maduración dos linfocitos T prodúcese no tímo. Os antibióticos son eficaces ante infeccíons de orixe bacteriana

## Criterios de Avaliación / Corrección

As forzas de Van der Walls son enlaces débiles

A fase escura da fotosíntes prodúcese en presenza de luz

A bomba de Na/K é un mecanismo de transporte activo

**BLOQUE III. Valoración 1,5 puntos (0,1 x 15).** Teñen que responder a un máximo de quince

preguntas. En caso de contestaren máis, corrixiranse só as quince primeiras. As respotas erróneas puntúan negativamente.

1-V, 2-V, 3-F, 4-V, 5- V, 6-V, 7-V, 8-F, 9-F, 10-V, 11-F, 12-F, 13-F, 14-F, 15-V, 16-V, 17-F, 18-F, 19-F, 20-F